

RESOLUCIÓN do 13 de maio de 2022, do tribunal designado para xulgar as probas selectivas para ingresar por oposición libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia (grupo A), pola que se modifica a data de realización do terceiro exercicio

En sesión que tivo lugar o 13 de maio de 2022, o tribunal designado, por Resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2021 e por Resolución da Presidencia do 26 de abril de 2022, para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, grupo A, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento do 15 de xuño de 2021 (BOPG núm. 163, do 30 de xuño de 2021) ACORDOU:

Primeiro. Adiar, por razóns de organización da actividade parlamentaria, a data para a realización do terceiro exercicio.

Segundo. Convocar as persoas aspirantes, na Biblioteca Carballo Calero (andar 0 das dependencias do Parlamento), para a realización do terceiro exercicio da oposición os días 15 de xuño, ás 9 horas (primeira parte) e 16 de xuño, ás 10 horas (segunda parte). Deberán acudir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

O Parlamento facilitará a cada aspirante un ordenador portátil e unha pantalla con conexión á rede Internet e co editor de textos Microsoft Word 2016 instalado.

Para o desenvolvemento do exercicio as persoas aspirantes poderán consultar as obras de carácter técnico e lexicográfico dispoñibles en rede e utilizar a aplicación de tradución automática que se porá ao seu dispor. Para iso, no navegador Chrome disporán dun marcador a un portal de tradución interno para o seu uso.

Terceiro. Informar que os criterios de corrección serán os contidos no punto 6.1.3. das bases da convocatoria:

Para a primeira parte:

- a) a corrección do texto resultante en lingua galega nos aspectos ortográfico, morfolóxico, sintáctico, léxico e semántico;
- b) a precisión no emprego da terminoloxía xurídica e técnica contida no texto resultante;
- c) a economía, a claridade, a exactitude e a coherencia do texto resultante en canto que texto normativo;
- d) a corrección do texto resultante en lingua castelá nos aspectos ortográfico, morfolóxico, sintáctico, léxico e semántico;
- e) a equivalencia exacta do texto nos dous idiomas en canto ao seu sentido e á súa interpretación técnico-xurídica.

Alén da aplicación destes criterios, na sesión do 13 de maio o tribunal acordou lembrar ás persoas aspirantes a pertinencia de se aterren ás Directrices de técnica normativa (Resolución do 5 de novembro de 2014, da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, pola que se ordena a

publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de outubro de 2014, polo que se aproban as Directrices de técnica normativa).

Para a segunda parte:

- a) o axuste do texto escrito resultante á realidade do discurso oral correspondente;
- b) a pertinencia das correccións feitas, de acordo coas instrucións dadas aos aspirantes.

Cuarto. Anunciar que, en virtude do disposto no punto 6.1.3. das bases da convocatoria, o tribunal comunicará oportunamente cando terá lugar a defensa pública do terceiro exercicio. A non presentación á defensa do exercicio dará lugar a exclusión do proceso de selección.

Quinto. Deixar sen efecto o punto cuarto da Resolución do 28 de abril de 2022, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 15 de xuño de 2021, pola que se fan públicas as cualificacións do segundo exercicio e mais a data para a realización do terceiro exercicio.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2022

Raquel Rodríguez Carro

Presidenta do tribunal